

MEMORIA ASF Galicia 2006

PROXECTOS DE COOPERACIÓN

APOIO A AUTOCONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS EN TERRAS RECUPERADAS POLA COMUNIDADE INDÍXENA E CAMPESIÑA VICTORIAS 3 (3ª FASE). GUATEMALA

3ª FASE

Data: ano 2006 (de marzo a novembro 2006)

Financiación: Xunta de Comunidades de Castilla- A Mancha, Colexios de Arquitectos e aportación de ASF.

Resultados: R1: capacitación de albaeis
R2: capacitación xeral en construción
R3: autoconstrución de 26 vivendas.

O proxecto de Apoio á autoconstrución de vivendas en V3 finalizouse no ano 2006, aos 5 anos dende a solicitude de proxecto por parte da comunidade indíxena a Arquitectos Sen Fronteiras.

En marzo de 2006 iniciouse a 3ª e derradeira fase que se prolongou ata o mes de novembro de 2006, cun retraso dun mes respecto aos 8 meses previstos debido principalmente ao cese de operacións do Bancafé (Banco onde tiñámos aberta a conta do proxecto) xusto no último mes de execución o que provocou trastornos na recepción da derradeira transferencia que tivemos que reenviar ao terreo co conseguinte retraso no suministro, pago do material e xustificación de facturas.

Durante esta 3ª fase, ademáis dos cursos de capacitación para albaeis, executáronse 26 vivendas que completan as 74 vivendas construídas na comunidade de Victorias 3 dende novembro de 2003 en que se iniciou a execución do proxecto.

É de destacar as 2 vivendas construídas exclusivamente polo grupo de mulleres nas que demostraron a súa capacidade organizativa e de traballo conseguindo compatibilizar a correcta execución das vivendas coas súas tarefas diarias.



Ó 30 de xuño do 2006 presentouse o informe final xustificativo da subvención da Xunta. Para o informe de seguemento da JCCM, que debíamos entregar no verán, solicitouse prórroga primeiro telefónicamente e despois formalmente ata que felizmente foi entregado no mes de febreiro do 2007. É o informe final da Deputación de Coruña entregouse en xaneiro, despois de solicitar 2 meses de prórroga dende o mes de novembro en que nos vencía o prazo.

Por tódo o demáis un éxito.

As fotos corresponden ao día da inauguración, o 12 de novembro do 2006, día conmemorativo dos 7 anos da chegada de tódalas familias á finca, antiga algodoneira de terra completamente desgastada e convertida o 12 de novembro do 2006, nun verxel de vida.

CENTRO DE ATENCIÓN RURAL AS COMUNIDADES MAPUCHE

Contraparte: Centros Culturales Mapuche
ASF-GALICIA

Responsable do proxecto: Ernesto Cid Sueiro
Nº proxecto 15/05

O proxecto consegue financiación na súa totalidade por parte do COAM. Transfirense os montos necesarios e a mediados de novembro ponse en marcha aproveitando cunha primeira viaxe de control por parte do responsable do proxecto. A día de hoxe, a obra atópase en fase de execución como se ve nas fotografías.



MISIÓN EXPLORATORIA AOS CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS SAHARAUIS EN ALXERIA E Á CIUDADE DE TIFARITI NOS TERRITORIOS LIBERADOS

Contraparte: Goberno da RASD, República Árabe Saharaui Democrática

Financiadores: Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia

Grupo de Traballo: Carmen García González, Susana Rodríguez Alemparte e Ernesto Cid Sueiro.

A Xunta de Galicia, a través das Consellerías de Vivenda e de Industria pretende apoiar ao pobo saharai coa construción de novas vivendas. Acude a ASF para colaborar neste proxecto, plantexándonos a realización dunha misión exploratoria en Tifariti para analizar sobre o terreo a viabilidade da proposta do Goberno saharai, e desenrolar posteriormente o proxecto e a construción das vivendas.

As actividades que se pretenden realizar na viaxe feita do 4 ao 9 de decembro pólós técnicos de ASF Carmen García e Ernesto Cid son as seguintes:

- Recoñecemento da cidade de Tifariti.
- Recoñecemento dos campamentos de refuxiados de Tinduf.
- Contacto con ONGs e outras asociacións internacionais que estén traballando na zona.
- Contacto coas autoridades locais.
- Contacto coa poboación local.
- Contacto con asociacións locais.
- Estudio e análise dos sistemas constructivos tradicionais.

Pretendese establecer cales son os problemas reais da poboación asentada actualmente en Tifariti, así como dos refuxiados que viven nos campamentos e que pasarán formar parte no futuro da poboación da cidade.

Outro punto importante da misión é determinar como se está levando a cabo a construción do novo asentamento, se existe algún tipo de plan urbanístico que garante un desenvolvemento ordenado e sostible do mesmo, a construción de infraestruturas básicas e a xestión dos residuos. Un último paso sería recabar información sobre os recursos tanto humanos como materiais disponibles, así como as técnicas constructivas habituais, en vista a abordar un futuro proxecto



de construción.

Conclusións:

As tipoloxías, materiais e técnicas constructivas empregados tradicionalmente na construción de vivendas que vimos na zona dos campamentos parecen válidas.

Non existe un plan urbanístico previo, polo tanto non hai unha previsión clara no trazado das súas rúas, tampouco de infraestruturas ou equipamentos.

A decisión de construción de vivendas e o traslado as mesmas dunha parte da poboación e unha decisión política, que non xurde da propia poboación (non se sabe quenes van ser os beneficiarios, cales son as súas necesidades actuais e se están dacordo ou non e polo tanto se se van a implicar no proxecto). Hai unha consideración que non se debe esquecer, Tifariti é actualmente unha cidade inexistente nun terreo en disputa que pode novamente estar sometida a conflito bélico no caso que retornen as hostilidades.

Como técnicos de Arquitectos Sen Fronteiras, ONG que traballa no campo da cooperación ao desenvolvemento, plantexamos nosas dúbidas de que construción das vivendas vaia a potenciar o desenvolvemento local, a mellora das condicións de vida da poboación ou perdure no tempo.



SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN

FORO DE ONGD'S EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

ASF Galicia asiste o 28 de xaneiro en Santiago de Compostela ao Foro de ONGD's no centro comercial de Fontiñas.

As ONG ofertan nos seus stands diversos produtos, xa sea de marketing da propia asociación (Dende calendarios, alfombrillas de ordenador, libretas, etc) ou as actividades que as asociacións desenrolan.

Neste sentido, a mesa de ASF non ofreceu ningunha novidade con respecto o ano pasado, e con respecto ás vendas foron moi escasas.

EXPOSICION "TERRA"

Un ano máis, a exposición fotográfica Terra de Sebastiao Salgado sigue sendo exposta por tódala comunidade.

- IES MELIDE 20/01/2006 al 10/02/06
- CPI ESCAIRÓN 20/03/2006 al 5/04/06
- IES CARBAÑILLO 25/04/06 al 1/06/06
- CENTRO COMARCAL "ULLOA" 1/09/06 al 15/10/06

No mes de maio realizouse o cambio de tódolos acetatos para mellorar o aspecto do material de exposición.



CONCURSO FOTOGRAFÍA ¿PARA QUEN E A TUA CIDADE?

Editanse e imprimense as fotografías que participaron no concurso en formato de postal para a súa posterior distribución gratuita.

Posteriormente envíanse aos participantes e as demais demarcacións de ASF



BIBLIOTECA

Faise cargo Sole Bugallo da biblioteca e no primeiro semestre completa a base de datos, continuando con formato anterior, dos libros existentes ata xuño do 2006.

Decidiuse que se catalogarían tamén as publicacións periódicas as que está suscrita a asociación, modificar as sinaturas e pegalas en cadanseu libro. Posteriormente reenviarase a relación dos volumes a

tódolos voluntarios e socios.

SOLICITUDES DE INFORMACIÓN POR INTERNET.

A raíz da chegada de solicitudes de información sobre ASF por internet aparece a necesidade dunha carta "presentación" (ver anexos) que axilice este trámite e o dote de máis calidade. No ano 2006 contéstase deste xeito a catro solicitudes, dos que dous contestan e un (Mauricio Barcaza) comeza a asistir ás reunións de traballo.

CARTA PRESENTACIÓN PARA O COAG

Solicítase dende o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia unha carta presentación da ONGD Arquitectos Sen Fronteiras para adxuntala no documento que se distribuirá a tódolos novos Colexiados a partir de agora. Susana Alemparte, coa colaboración de Jesús Barcos, redacta o documento (ver adxunto).

CATÁLOGOS DE POSTAIS DE NADAL.

Os 250 catálogos recibidos dende a oficina central son distribuídos deste xeito:

- 106 catálogos xunto cunha carta de presentación de ASF e un tríptico a sendas empresas do sector da construción galegas.
- 4 catálogos xunto cunha carta de presentación de ASF e un tríptico a sendos xefes de departamento da ETSAC.
- 140 catálogos destínanse as sete delegacións do COAG para ser distribuídos nas súas oficinas.

Non se recibiron encargos, polo menos directos, pero hai que ter en conta que é unha forma de dar a coñecer a asociación.

MESA DE NADAL NA ETSAC

Do 18 ao 21 de decembro móntase unha mesa na Escola Técnica Superior de Arquitectura con carácter informativo. Preténdese achegar o traballo de ASF aos membros da ETSAC, distribuír material informativo e a venda de material como camisetas e postais de Nadal.

Repártense arredor de 500 postais resultado do concurso de fotografía “¿Para quen é a túa cidade?”

Considérase que tivo gran éxito de participación do voluntariado e bo recibemento por parte dos alumnos e persoal da escola.

Recaudanse 315.94 € pola venda de 10 camisetas (100€), 223 postais (189.55€) e doazóns por valor de 26.39€.



ASISTENCIA A XORNADAS E CURSOS DE FORMACIÓN

-Xornadas de comunicación e cooperación en Santiago de Compostela organizadas polo Clube Internacional de Prensa na Facultade de Periodismo da Universidade de Santiago de Compostela do 18 ao 21 de abril. Asiste Loli Tobío.

-Curso de deseño, xestión e avaliación de proxectos sociais en A Coruña organizado pola Obra social de Caixa Galicia na Fundación Caixa Galicia en A Coruña o 25 e 26 de maio. Asiste Loli Tobío.

-CURSO BÁSICO ON-LINE GRATUITO de “Voluntariado de cooperación e acción humanitaria” Organizado pola Cordinadora de ONGD de España, dende o 22 de novembro ata o 5 de decembro. Asiste e finaliza positivamente Loli Tobío quedando con unha boa impresión do curso. Nel ofrécese ao voluntario unha visión xeral da cooperación internacional, das asociacións do terceiro sector e do papel do voluntario neste ámbito. É sinxelo de seguir e unha boa ferramenta de formación para ASF como primeiro paso para formar os seus voluntários.
Más información: http://www.congde.org/Curso_voluntariado.htm

CONFERENCIAS E PONENCIAS

-Seminario “Proxectos de cooperación ao desenvolvemento no Sur: ONGD e universidades”, que se celebrou os días 21-22 e 23 de novembro na Facultade de Socioloxía do Campus de Elviña

Carmen García e Loli Tobío deron unha charla con ISF dentro do tema “Participación dos estudantes na cooperación dende as ongs galegas”.

